


En 1945 recibe o encargo da decoración do cinema Los Ángeles de Bos Aires para onde realiza uns murais Armonía plástica, todo unha coreografía de motivos vexetais e animais, seres que semellan de civilizacións perdidas nunha danza subacuática... Realiza exposicións en Chile, Río de Xaneiro... En 1947 viaxa a Nova York onde permanece un tempo, ao ano seguinte recibe o Premio Pictórico da XII Exposición de NY cunha obra da serie Cabezas de Muller. Retorna a París en 1950 e expón, grazas a Jean Cassou, hispanista republicano e director do Museo de Arte Moderna da capital francesa e en 1965 recalca de novo en Madrid, onde residiu até a súa morte en 1995.

O Centro Galego de Arte Contemporánea foi inaugurado no ano 1993, cunha exposición antolóxica de Maruxa Mallo.

Maruxa Mallo recibiu a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes en 1982 e a Medalla de Ouro da Xunta de Galicia en 1991.



Cabeza de Muller (1946)

Desta artista galega revolucionaria e comprometida, Federico García Lorca deixou escrito:

*"MARUJA MALLO, ENTRE VERBENA Y ESPANTAJO TODA LA BELLEZA DEL MUNDO CABE DENTRO DEL OJO, SUS CUADROS SON LOS QUE HE VISTO PINTADOS CON MÁS IMAGINACIÓN, EMOCIÓN Y SENSUALIDAD."*

*Maruxa Mallo será a terceira artista á que se lle dedica o Día das Artes Galegas (1 de abril), logo do Mestre Mateo (2015) e de Castelao (2016). Esta é a homenaxe da A. C. Alexandre Bóveda a esta muller galega, artista, feminista, transgresora, vangardista, inconformista e xenial pintora. Muller de grande coherencia entre a súa vida e a súa obra; activista sempre da liberdade e o compromiso para a creación dunha nova sociedade.*

### Mallo



Agrupación Cultural Alexandre Bóveda

- ☎ 981 200 869
- ✉ acab@mundo-r.com
- 🐦 twiter.com/ACBoveda
- 📘 facebook.com/a.c.alexandre.boveda



Asociación Socio-Pedagoxica Galega

- ☎ 981278259
- 🌐 www.as-pg.gal
- ✉ informacion@as-pg.com
- 📘 facebook.com/asociacion.galega

Colabora:  Deputación DA CORUÑA

©Maruja Mallo, VEGAP, A Coruña, 2017

# MARUXA MALLO

## DÍA DAS ARTES GALEGAS 2017



A sorpresa do trigo (1936)

Na manifestación do 1º de maio de 1936 está Maruxa Mallo en Madrid e vai chegando moita xente que vén de lonxe camiñando e repentinamente aparece entre a multitude un brazo que alza un enorme pan. Maruxa preguntalles:

*-QUE QUEREDES?  
-QUEREMOS PAN!*

E así nace a inspiración para esta obra, A sorpresa do trigo, onde unha muller chea de forza e enerxía porta grans na man esquerda e brótanlle espigas douradas dos dedos da man dereita "...o trigo, vexetal universal, símbolo de loita, mito terreal"

A ANA MARÍA MANUELA ISABEL JOSEFA GÓMEZ GONZÁLEZ COÑECIDA COMO MARUXA MALLO DEDICA A REAL ACADEMIA DE BELAS ARTES O DÍA DAS ARTES GALEGAS 2017

Na véspera do día de Reis de 1902 nace en Viveiro Maruxa Mallo. Con 20 anos, trasladouse a Madrid para estudar na Academia de Bellas Artes de San Fernando e naquel ano foi “a única señorita aprobada” no exame de ingreso. En Madrid entra en contacto con artistas, escritor@s e cineastas como Salvador Dalí, Federico García Lorca, Margarita Manso, Concha Méndez, Luis Buñuel, María Zambrano ou Rafael Alberti e convértese nun personaxe principal do ambiente cultural madrileño.


Participa nas Exposicións de Arte Rexional en Santiago de Compostela (1923 e 1926) e na Coruña (1923).

Foi a primeira, e única, artista que expuxo nas salas de Revista de Occidente, grazas a Ortega y Gasset, grande admirador da súa obra. A exposición inaugúrase en maio de 1928 coas series Verbenas e Estampas. Nas Verbenas todo é color e movemento; vincúlase a modernidade coa tradición popular, aparecen mesturados o vello e caduco e as ilusións de futuro. “As festas populares son unha revelación pagá, expresan discordia contra a orde existente...” “Todo o espazo está ategado de xentes diferentes e cousas diversas. Toda a atmosfera está cargada de sorpresas máxicas e mensaxes”



Verbenas (1927)

Nas súas Estampas rendelle culto á modernidade e á independencia das mulleres, o deporte... retratos que falan do feminino, e así a imaxe da muller en bicicleta é unha icona da liberdade e da modernidade.



Ciclista (1927)

Maruxa Mallo é nese momento unha muller chea de forza, chea de alegría e felicidade, un espírito libre que sae pola noite de Madrid ou participa no café de Pombo, no faladoiro presidido por Ramón Gómez de la Serna e onde Maruxa é a única muller que asiste.

No inicio da década dos anos trinta será a Escola de Vallecas quen exerza sobre a obra de Maruxa unha profunda influencia artística e as súas pinturas comezan a encherse do onírico e do escatolóxico. Aparecen na súa obra o interese polos procesos de putrefacción, os desposos e os elementos de refugallo.

Unha bolsa de Ampliación de Estudios permitiulle ir a París en 1932, onde entra en contacto coas vangardas artísticas europeas e moi especialmente co surrealismo. Maruxa Mallo chega coas súas obras, da súa serie Cloacas e Campanarios (1932), e alcanza grande éxito, o propio André Bretón merca unha das súas obras Espanta-paxaros (1931).

Maruxa é nese momento unha muller pioneira na plástica mais tamén na vida, unha artista que reivindica a súa condición de muller irreverente e atrevida. Pertence a ese grupo de mozas que idean a performance de ir á Porta do Sol sen sombrero, e que acaban recibindo insultos e mesmo agresións e de aí naceu o concepto ‘sensombreirismo’. Querían ser libres e transgresoras e conquistar o espazo público para as mulleres. Realizaban accións que tiñan moito de provocación como entrar en bicicleta nunha igrexa “na misa de doce; rodear o altar maior e saír do templo a velocidade de cruceiro” para botar abaixo a imaxe piadosa e submisas das mulleres. E mentres as mulleres desa xeración loitan pola igualdade Alberti dedícalles estes versos:

“MIRA SIEMPRE HACIA ABAJO  
NADA SE TE HA PERDIDO EN EL CIELO”

Pouco antes da Guerra Civil expón en Madrid unha mostra no salón de “Amigos de las Artes Nuevas” (ADLAN), que se inaugurara pouco antes con Picasso.

Pese a imaxe de muller frívola e extravagante, Maruxa Mallo era unha muller comprometida co seu tempo e cos valores da democracia e por iso participa con entusiasmo en proxectos educativos da República Española “Os artistas téñense que converter en obreiros deste tempo de mudanza” e logo na resistencia ao fascismo.

No verán de 1936 está en Galiza a traballar no “Caderno de Galicia” onde debuxa todo tipo de aparellos de pesca, redes, nasas, os rostros da xente do mar mais tamén campesiñ@s. O golpe militar fascista sorpréndea aquí, en Galiza, e permanece agochada até que logra fuxir a Portugal e alí con axuda de Gabriela Mistral, embaixadora de Chile en Lisboa, consegue viaxar ata a Arxentina en febreiro 1937, onde se instala. Comezará aquí unha nova serie A Relixión do traballo dentro da estética do seu cadro A sorpresa do trigo (1936) obra de grande rigor compositivo. Esta nova serie está integrada por sete óleos que representan mariñeir@s e campesiñ@s.



Arquitectura humana (1937)

Desde Bos Aires escribe, en agosto de 1938, para o xornal La Vanguardia un longo alegato contra a violencia que exercen os golpistas “Relato veraz de la realidad de Galicia” onde denuncia os asasinatos de Alexandre Bóveda ou Johán Carballeira e o odio e a sen razón dos fascistas:

“AO MESMO TEMPO QUE COLGAN A CRISTO NAS PAREDES DAS ESCOLAS, APARECEN POLOS MONTES, AS ESTRADAS E AS PRAIAS, OS CADÁVERES DOS MESTRES.”